



Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI03TD	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/11682/2026 22/06/2026
<i>Código de verificación</i>  4S0K 0Q5F 272R 080V 151E	<i>Expediente</i> 741/2026/1692	
	<i>Fecha</i> 19-06-2026	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI03QS de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 18.06.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 272, departamento 2º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Antonio Serrano Mouzo (finado) e Nieves Mouzo Toja, polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 2 de abril de 1997; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

SEGUNDO: OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes na instalación funeraria para o seu traslado ao osario municipal.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.



Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente
Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)